

A historia dos museos pedagóxicos nos primeiros anos do século XX: unha aproximación ao traballo de Benjamin R. Andrews.

(The history of pedagogical museums in the early 20th century: an approach to the work of Benjamin R. Andrews)

Eugenio OTERO URTAZA.

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Benjamin R. Andrews foi profesor de economía doméstica durante moitos anos no Teachers College da Universidade de Columbia. Porén, comezou como un estudante de doutoramento, encargado de montar o seu Museo Pedagóxico, coas coleccións e obxectos que a institución logrou reunir de exposicións organizadas en anos anteriores. Andrews escribiu entón a súa tese de doutoramento sobre os museos pedagóxicos. Foi a primeira vez que se facía nos Estados Unidos un traballo comparativo entre estas institucións, tanto no contexto propio como mundial. Analízase así a figura de Andrews, o medio académico no que escribiu o seu traballo e se fai unha escolma de textos do libro publicado.

PALABRAS CHAVE: Benjamin R. Andrews; historia da educación; Manuel B. Cossío; museos pedagóxicos; Universidade de Columbia

RESUMEN: Benjamin R. Andrews fue profesor de economía doméstica durante muchos años en el Teachers College de la Universidad de Columbia. No obstante, comenzó como un estudiante de doctorado, encargado de montar su Museo Pedagógico, con las colecciones y objetos que la institución logro reunir de exposiciones organizadas en años anteriores. Andrews escribió entonces su tesis doctoral sobre los museos pedagógicos. Fue la primera vez que se hacía en los Estados Unidos una investigación comparativa entre estas instituciones, tanto en el contexto propio como mundial. Se analiza así la figura de Andrews, el medio académico en el que escribió su trabajo y se hace una selección de textos del libro publicado.

PALABRAS CLAVE: Benjamin R. Andrews; historia de la educación; Manuel B. Cossío; museos pedagógicos; Universidad de Columbia

ABSTRACT: Benjamin R. Andrews was a professor of home economics for many years at Teachers College, Columbia University. However, he began as a doctoral student, charged with establishing its Educational Museum, utilising the collections and artefacts the institution had assembled from exhibitions organised in previous years. Andrews then wrote his doctoral dissertation on educational museums. For the first time, the United States conducted comparative research among these institutions, both within their context and globally. This paper analyses Andrews's figure, the academic setting in which he wrote his work and a selection of texts from the published book.

KEYWORDS: Benjamin R. Andrews; history of education; Manuel B. Cossío; educational museums; Columbia University

O Teachers College de Nova York foi quizais a fundación filantrópica máis importante de Grace Hoadle Dogde (1856-1914). Movida polo seu interese pola educación das mulleres fundou varias asociacións, a *Kitchen Garden Association* en 1880 e logo máis adiante, en 1884, a *Industrial Education Association* (en adiante IEA), na que pola súa experiencia pensaba que a formación que estaba recibindo aquelas mozas tiña que ser equivalente á educación xeral. En 1888, despois de diversos debates cos seus principais conselleiros, nomeou presidente da IEA a Nicholas Murray Butler (1862-1947) con quen buscou un terreo para construír un edificio no que se desenvolvería a súa idea de crear unha institución de formación profesional dos docentes, o Teachers College, que se levantou ao carón da Universidade de Columbia.

Dodge chegou a un acordo para integrar esta nova institución na universidade en 1893, o que acadou que, por primeira vez, os estudos de mestre adquiriran pleno recoñecemento como estudos universitarios, aínda que con problemas para que se considerasen «títulos,» e durante aínda bastantes anos tiveron que conformarse cun «diploma.» O Teachers College, coa axuda de Butler e o xeneroso financiamento de Dogde, exemplifica o movemento de profesionalización nas escolas de formación dos mestres; convertendo por primeira vez, un título de escola normal ou doutros centros tradicionais de formación docente daquel tempo, en estudos universitarios de catro anos.¹

Butler contou previamente coa complicidade de Frederick A. P. Barnard presidente do Columbia College (agora Universidade de Columbia), quen desde facía xa tempo estaba defendendo que entrase o estudo da ciencia da educación na institución, xa presente noutras universidades do país². Os esforzos de Barnard foran rexeitados polos fideicomisarios da universidade, e agora atopábase cun mozo entusiasta que compartía as súas ideas. Mais faleceu en 1889 e foi moi complexo que se aceptasen, entre outras dificultades porque

¹ Sonia Murrow e Mary Rose McCarthy. «Negotiating Competing Progressive Era Reform Impulses at Teachers College, 1889-1927.» *Critical Questions in Education* 8, 3 (2017): 239-260.

² No último cuarto do século XIX houbo xa interese por parte de moitas universidades norteamericanas por desenvolver departamentos de educación: a Universidade de Wisconsin en 1881, Johns Hopkins, Missouri y Carolina do Norte en 1884, Cornell e Indiana en 1886, a Universidade Clark en 1889, Stanford e Chicago en 1891, California en 1892, Illinois y Minnesota en 1893, Nebraska en 1895, Ohio e Texas en 1896, e Northwestern en 1898. Vid. S. Macpherson Pemberton, «Institutional Factors in the Education of Teachers: An Historical Preview.» (National Institute of Education DHEW, Washington, 1974): 27. Manuscrito mecanografiado. Consultado en <https://files.eric.ed.gov/fulltext/ED120146.pdf>

implicaba admitir mulleres no corpo do profesorado universitario. O acordo de afiliación firmouse en 1893, pero Butler xa dimitira o ano anterior, sendo substituído polo seu colega Walter L. Hervey (1862-1952). Porén o Teachers College, xa afiliado ao Columbia College, seguiu tendo serios problemas de organización e identidade ata que en 1897 James Earl Russell (1864-1945) foi nomeado decano. No tempo que el estivo á fronte da institución, entre 1897 e 1927, cimentou uns principios formativos e pedagóxicos que a converteron nun centro de referencia mundial. Russell non intentou que todo o profesorado compartira a mesma filosofía educativa, senón que fomentou a diversidade, resolvendo non so as tensións internas entre o profesorado senón tamén das relacións coa dirección da universidade, que seguía sentindo moito receo cara os estudos de mestre e a formación manual como estudos propios dunha universidade, con graves desacordos económicos e de organización, que levou a un amargo enfrontamento ata 1915 entre Russell e Butler que desde 1902 era o presidente da Universidade de Columbia³.

No momento da chegada de Russell ao decanato no Teachers College o Museo Pedagóxico aínda estaba en proceso de instalación porque era un material que pertencía a etapa no que o Teachers College non estaba integrado na Universidade de Columbia. O IEA organizara unha exposición escolar en 1886, a «Children's Industrial Exhibition», que presentaba manualidades feitas por 3.000 rapaces e rapazas de Nova York e outras cidades. Unha parte desa exposición quedou nunha habitación da asociación e logo a partir desta primeira experiencia tiveron varias seccións distribuídas en espazos escolares: formación manual, arte, economía doméstica, arte doméstico ou ciencias naturais, sen ter un espazo propio como museo. En 1901, finalmente cando o Teachers College estaba xa instalado en Morningside Heights, que sigue sendo a súa ubicación actual, o Museo de Educación organizouse nunha sala, hoxe chamada Salón Zanquel.⁴

Benjamin Richard Andrews (1877-1963), o autor do libro do que sacamos varios fragmentos, está pouco documentado. Aínda que ten unha importante produción bibliográfica, tanto no campo da educación como da economía doméstica, non se atopan estudos sobre a súa

³ Kenneth Harold Toepfer «James Earl Russell and the rise of teachers college: 1897-1915». (Tesis doctoral, Columbia University, 1966), 334-357. <https://shre.ink/5vtV>

⁴ Diane R. Murray «Preserving Precious Instruments in Mathematics History: The Educational Museum of Teachers College and David Eugene Smith's Collection.» *Journal of Mathematics Education at Teachers College* 2, 2 (2011): 28. DOI: <https://doi.org/10.7916/jmetc.v2i2.720>

figura nin notas biográficas extensas. Foi unha das persoas que Cossío visitou en 1904 na súa viaxe aos Estados Unidos. É posible supoñer que interesáballes falar con el porque estaba vinculado nese tempo ao Museo de Educación do Teachers College, e empezara a recoller documentación doutros museos. Porén non deixa aclarada cal era a súa función neses anos como estudante de posgrao, conforme el mesmo di no libro:

En outubro de 1899 nomeouse un conservador, e o posto mantívose ininterrompidamente desde entón, aínda que de 1904 a 1906 o titular denominouse oficialmente «Asistente do Museo». De xuño de 1903 a 1906 houbo un «Supervisor do Museo», quen, sendo estudante de posgrao da universidade, encargouse da supervisión xeral do museo, a concepción dos plans e a responsabilidade da súa execución. Desde 1907, o museo estivo baixo a tutela do Profesor Adxunto de Administración Educativa como «Director», cunha persoa a cargo como «Secretario»⁵.

O libro titulase *Museums of education, their history and use*. A súa data non está clara, probablemente sexa 1909. É unha reprodución facsímile dun longo texto publicado na revista *Teachers College Record* o ano anterior, ata o punto que a partir da primeira páxina do texto ten unha dobre paxinación, nun ángulo o número de páxina do libro e noutro o número de páxina da revista. En total son 98 páxinas de texto, pero en realidade o libro é unha separata dun traballo extenso publicado na revista⁶. Como xa se define na portada, se presenta «en cumprimento parcial dos requisitos para o grao de doutorado en Filosofía, na Facultade de Filosofía da Universidade de Columbia.» Unha nota breve ao final sobre o autor sinala que naceu o 31 de decembro de 1877 en Logan, Nova York; que está diplomado na Mynderse Academic, en Seneca Falls en 1894, pero que xa era Licenciado en Artes pola Universidade de Cornell en 1891. Fai constar tamén que foi supervisor del Museo de Educación do Teachers College, Universidade de Columbia, entre 1893 e 1896. Profesor Asociado, 1904-1905; director do Neighborhood Work, na Escola de Speyer do Teachers College, 1906-1907; así como secretario del Departamento de Economía Doméstica do Teachers College a partir de 1907.

⁵ Benjamin R. Andrews. *Museums of education, their history and use*. [1909], 28/222. Como xa explicamos a edición do libro en si mesma non existe, é unha separata do artigo, mencionado na seguinte cita. Usamos o exemplar que se conserva na Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos. Consultar en: <https://babel.hathitrust.org/cgi/pt?id=loc.ark:/13960/t2s479064&seq=7>

⁶ Benjamin R. Andrews. «Museums of education, their history and use» *Teachers College Record* 9, 4 (1908): 195-291.

Sabemos que formouse na Universidade de Cornell, onde destacou pronto como «polemista» na revista *Alumni News* da que foi editor durante catro meses e pertencía á *Cornell University Christian Association*. Era membro da fraternidade Delta Upsilon e do Sphinx Head: o grupo de estudantes de cuarto ano que Cornell recoñecía con honra porque demostraron ao longo da súa formación fortaleza de carácter, capacidade de liderado e servizo á propia universidade. Ingresou no Teachers College en 1903 no que presentou a súa tese de doutoramento co informe deste libro en 1909⁷. En 1907 casara con Elizabeth L. Russell, que é posible tivese algún parentesco con James Earl Russell. Tiveron dous fillos: Roger, nado o 10 de abril de 1912 que foi empregado no *Department of Veterans' Services* de Nova York; e Benjamin, o 7 de abril de 1919, que sería pastor da *Central Congregational Church*, en Newtonville, Massachusetts. Andrews foi durante moito tempo o profesor de Economía Doméstica do Teachers College, sendo nomeado finalmente profesor emérito en 1943. Ten un conxunto importante de publicacións neste ámbito, e o seu libro máis coñecido é *Economics of the Household* (New York, McMillan, 1923). Estaba considerado como un dos catro creadores da economía doméstica xunto a Grace Dodge, Ellen Swallow Richards e Isabel Bevier⁸. Desde unha época xa temperá foi un destacado defensor do feminismo. É autor dun artigo de referencia: «The girl of to-morrow---what the school will do for her», galardoado co primeiro premio no concurso educativo World's Work en 1911, e que logo tivo varias edicións, a máis recente que coñecemos é de 2013 na editorial Hard Press Editions, located in Lenox, Massachusetts⁹. Pero non atopamos máis datos sobre o seu traballo como supervisor dese Museo de Educación e da súa traxectoria posterior.

Cossío enviou a Andrews, en resposta a unha carta súa do 1 de febreiro de 1906, un pequeno *dossier* sobre o Museo de Madrid, do que gardou copia, deixándolle claro que a súa función máis importante non era a exposición de material, senón a emisión de informes públicos e privados; a docencia que se impartía nel de psicoloxía experimental (aínda contaba coa colaboración de Luis Simarro) e o ensino da pedagogía que el mesmo ofrecía, con frecuencia vinculada ao curso de Pedagogía Superior; e, en terceiro lugar, o uso da biblioteca

⁷ «Notes from the Classes. The latest word from alumni, old and new. 01 Benjamin R. Andrews». *Cornell Alumni News*, Vol. 64, nº 3 (1961): 29

⁸ Robert H. Beck. *General Education. Vocational and Academic Collaboration*. (Manuscrito, Berkeley: National Center for Research in Vocational Education, 1991), 58. Dispoñible en <https://files.eric.ed.gov/fulltext/ED329734.pdf>

⁹ Consultamos o exemplar do texto que se conserva na Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos: <https://babel.hathitrust.org/cgi/pt?id=loc.ark:/13960/t2f773v2v&seq=1>

polos estudantes das escolas normais. Andrews agradeceulle a Cossío a súa información por unha carta do 28 de febreiro na que conta non so de ter recibido a enquisa senón que lle solicita que lle envíe publicacións do Museo,¹⁰ pero non a utilizou moito. Agás de participar nalgúns datos estatísticos, no libro de Andrews so consta que o Museo Pedagóxico de Madrid é, xuntamente ao de Montevideo, un dos mellores financiados del mundo, despois dos de San Petesburgo e París. E tamén que era un dos seis de todo o mundo que publicaba regularmente estudos monográficos xunto aos de París, Copenhague, Río de Janeiro, Breslavia e Eisenach.

A selección de fragmentos escollidos do libro queren acercarnos a ese momento en que empezábase a facer historia dos museos pedagóxicos. En 1903 Andrews tiña 26 anos e quería facela súa tese. O tema lle foi suxerido polo propio Russell, e estivo moi tutelado por outros dous profesores do Teachers College: Frank Morton McMurry (1862-1936) e David Samuel Snedden (1868-1951). Tamén lle amosou o seu agradecemento a Will Seymour Monroe, profesor da Normal School de Montclair (New Jersey), que se formara en Europa e tiña un conxunto de documentos privados que lle serviron para compoñer o seu traballo. Ademais Monroe xa publicara un artigo no que facía unha importante relación e comentarios dos museos de educación europeos¹¹. Non obstante, cando comezou a súa investigación atopouse co libro de Max Hübner *Die ausländischen Schulmuseen, mit einer Abbildung der Schulmuseums in Tokio* (Breslau, 1906) con datos moi novos que lle serviron para confeccionar a segunda parte do seu traballo, referida aos museos do mundo. Nunha nota da primeira páxina do libro aclara que el xa tiña recollida moita información de fontes impresas e da súa correspondencia con outros museos educativos do mundo cando apareceu a obra de Hübner, e contrastou os datos de Hübner cos seus para esbozar «o movemento dos museos educativos no seu conxunto». O seu traballo so ten vinte e nove referencias que son de moita importancia para a investigación do estado dos museos pedagóxicos a finais do século XIX.

¹⁰ Biblioteca da Real Academia de la Historia (Madrid). Fondo documental da Fundación Francisco Giner de los Ríos. Leg. 48-998-5. A enquisa que lle mandou Andrews estaba en francés, quen firma nesta carta como director do Educational Museum Teachers College da Columbia University. Estaba interesado en que lle enviara publicacións do Museo de Madrid, e cita, en concreto, tres obras que desexaba estivesen na biblioteca de Columbia: *Musée de Instruction Primaire* (1884); *Documentos para su historia* (1886), e *Catálogo provisional del Museo* (1890).

¹¹ Conforme esta referencia na bibliografía final do libro, «Monroe, Will S. Educational Museums and Libraries of Europe. *Educational Review*, April, 1896, pp. 374-391.» Este artigo atópase como separata reimpresa da revista en <https://babel.hathitrust.org/cgi/pt?id=loc.ark:/13960/t12n5kc9f&seq=26>

A tese doutoral de Andrews foi dunha gran importancia no seu día, xa que non so fai un relato sobre os museos que analiza, senón que aborda datos cuantitativos comparativos como antes nunca se fixera. Desde a perspectiva estritamente norteamericana é a primeira vez que aparece unha relación comentada dos seus museos pedagóxicos, cunha dedicación especial ao museo da Universidade de Columbia. Logo, na segunda parte, presenta unha relación, de setenta e catro museos pedagóxicos do mundo, entre os que está o Museo Pedagógico Nacional de Madrid. Deses setenta e catro museos, trinta e cinco son alemás, polo que na súa lóxica, divide os museos entre «alemáns e non alemáns». É sen dúbida a primeira investigación de importancia que se fixo nos Estados Unidos sobre a historia dos museos pedagóxicos do mundo.

Despois da introdución, que se reproduce nesta ocasión agás a parte final, o libro está organizado en tres capítulos. O primeiro deles está dedicado aos museos de educación dos Estados Unidos, o segundo aos museos de educación do mundo, e o terceiro trata da súa organización e o valor que teñen para os Estados Unidos estas institucións. No foi fácil facer a escolma de textos, porque as súas reflexións están moi mesturadas con estatísticas, cadros de datos e frecuentemente fai longos listados de contidos ou datas de exposicións. Compre así fixarse en textos que amosan novidade para un estudoso do século XXI.

Da relación de museos norteamericanos, escollemos os textos dedicados ao museo do Bureau de Educación e ao da universidade de Indiana. Logo centrámonos nos precedentes do Museo de Educación da Universidade de Columbia, cando o Teachers College non estaba integrado no seu ámbito e aínda era unha institución independente, período que explica cun especial coidado. Dos museos do mundo se escolleu un fragmento no que fai un comentario comparado das súas características. E finalmente da parte terceira se inclúen dous fragmentos: o primeiro está referido a un comentario que fai sobre escritura e literatura infantil en relación co que pode conter un museo dedicado a formar profesores, para logo reproducir un texto no que describe o material que, na súa opinión, pode compoñer a colección dun museo pedagógico (en inglés sempre se di *educational museum*).

A tradución do inglés ao galego dos textos esta feita polo autor deste artigo. Non é unha tradución dificultosa, porén, nalgún momento se optou por facer unha breve perífrase e usar algún sinónimo para unha mellor comprensión, e por suposto se manteñen algunhas expresións en inglés que identifican mellor as institucións e feitos aos que se refiren. Se optou tamén por poñer en cursiva algúns inicios de parágrafo ou temas, para facilitar a lectura que non están no orixinal. Ao final de cada fragmento se sinalan as páxinas, na súa dobre versión,

que aparece no libro. As referencias bibliográficas que aparecen nas notas dos textos seleccionados conservan a orde e estilo tal como figuran na obra orixinal consultada. Se traduce so os textos explicativos, sen que se faga ningún engadido pola nosa parte.

Selección de textos

Museums of education, their history and use

I. O Museo moderno

Cada vez é máis útil reunir obxectos de importancia para a humanidade en salas de almacenamento e exposicións permanentes. O museo de arte foi a primeira expresión moderna desta idea; as coleccións de ciencias naturais multiplicáronse nas últimas décadas; e os materiais obxectivos da industria, o comercio e diversos campos do pensamento e a actividade reúnen agora con frecuencia con fins útiles. O obxectivo é facer visibles estes obxectos significativos, como se reúnen os libros nas bibliotecas, e acelerar a transferencia de experiencia e coñecemento xeral ao individuo. A biblioteca e o museo, de feito, cumpren a mesma función, e é a casualidade, ou como moito a conveniencia, o que os converteu en institucións separadas: unha conserva os voluminosos materiais do coñecemento e a outra protexe os rexistros simbólicos prácticos en forma de libro. A tarefa obvia do museo é proporcionar obxectos para a inspección pública; pero dado que trata de obxectos que, como coñecemento, adoitan ser ambiguos e dun nivel de elaboración inferior ao dos libros impresos, o seu persoal debe incluír científicos capaces de atribuír significados aos obxectos, organizalos nun sistema ordenado para a súa observación e escribir informes sistemáticos sobre eles. De aí a asociación dos laboratorios cos museos e o fomento por parte destes últimos de estudos orixinais tanto por parte do seu persoal como de estudosos externos. Noutras palabras, a economía museística non só implica a exposición, senón tamén a investigación e o estudo científicos; e para este dobre propósito, o museo moderno, polo menos en teoría, administra «coleccións de estudo» e «coleccións de exposición». A división de «estudo» inclúe material aínda sen clasificar, pero refírese especialmente á longa serie de coleccións sistemáticas, de interese exclusivo para o erudito como referencia e, polo tanto, organízanse mellor de forma compacta con espazo de traballo a man. As coleccións expostas son as dispostas para a inspección pública e varían desde coleccións sistemáticas e grupos especiais que mostran relacións históricas e científicas, invitando á reflexión ao «visitante culto», ata presentacións unitarias rechamantes dun tipo ou doutro, atractivas e intelixibles

para o «visitante medio» que, impulsado pola curiosidade, simplemente busca recreación mental.

A xustificación última para as coleccións dos museos remóntase á utilidade dos obxectos fronte aos símbolos obxectuais no coñecemento, e iso non se pode determinar aquí. Non obstante, certas utilidades dos obxectos obviamente non se poden satisfacer co simbolismo de segunda man dos libros. Por unha banda, para obter novo coñecemento, os obxectos son absolutamente necesarios na orixe das nosas ideas sobre o mundo material; e a ciencia a miúdo require que os obxectos estudados se conserven como rexistro de resultados e para permitir a repetición da investigación. Por outra banda, na transmisión do coñecemento, os obxectos adoitan ser útiles para aclarar ideas, como o ilustra o uso do obxectivo na educación infantil ou o recurso do adulto ao obxecto en lugar dunha descrición verbal ou pictórica. O obxectivo tamén engade un chamamento aos sentimentos e, polo tanto, posúe un poder dinámico para a acción; por exemplo, contrasta a forza dun argumento a favor da decoración dunha aula co efecto dunha inspección de materiais para tal decoración para obter a intervención dun comité escolar. En calquera caso, os obxectos deben estar sempre presentes nos libros como garantía do coñecemento sobre o mundo material; e ao transmitir coñecemento, a pesar da comodidade dos libros, os obxectos adoitan usarse para ilustrar e crear un impacto.

As coleccións dos museos especialízanse segundo o seu propósito particular. Os obxectos de importancia común, relacionados coas belas artes, as ciencias naturais ou algunha rama das mesmas, a antropoloxía, a industria, a medicina ou calquera outra disciplina artística, reúnen para formar un museo que ilustra o campo específico en cuestión. Dentro do museo, a clasificación sistemática (científica, histórica ou doutro tipo) avanza e fai que os obxectos estean dispoñibles para o propósito declarado, xa sexa para a inspección ou a investigación. Esta afirmación xeral pode servir para salienta que o museo xa non é, como antes, un conxunto confuso de obxectos reunidos segundo a fantasía ou a curiosidade, senón que está a acadar unha nova eficiencia grazas á limitación do campo do museo individual e á atención, por unha banda, ao seu propósito científico único de organizar o coñecemento, que aínda non alcanzou o nivel do libro compilado, e, por outra, á disposición de exposicións especialmente deseñadas para a instrución e o desfrute do público.

II. O Museo de Educación

O museo educativo, ou museo da educación, do que trata este estudo, é un destes museos especializados, que inclúe coleccións exclusivamente de obxectos relacionados coa educación e se administra principalmente para servir aos que se dedican á educación. Estes museos xurdiron hai aproximadamente medio século e probablemente organizáronse cen ou máis en varias partes do mundo. Recentemente, neste país demostrouse un renovado interese polos museos educativos, como, por exemplo, no movemento para establecer museos similares nas cidades de Saint Louis e Nova York, e en certos estados, e na tendencia a formar coleccións de material similar en certas universidades americanas. Polo tanto, parece oportuno intentar recompilar a experiencia relativa a estes museos.

Podemos definir un museo educativo como unha institución que contén coleccións obxectivas que teñen unha relación ilustrativa, comparativa ou crítica coas escolas e o traballo académico, ou que tratan a educación como profesión, ciencia ou institución social. Mencionar dúas confusións no uso do termo «museo educativo» aclarará o seu significado. Unha afirmación común é que un gran museo público, como o Museo Victoria and Albert en South Kensington, é un «museo educativo»; a referencia neste caso é claramente ao obxectivo educativo xeral do museo, non aos seus contidos, que non están de ningún xeito directamente relacionados coa educación. No sentido de que exerce unha influencia educativa, calquera museo podería chamarse «educativo». Polo tanto, é apropiado manter o nome «museo educativo» para coleccións especializadas de obxectos relacionados coa educación e lembrar que ás veces se usa como un termo descritivo, pero non con precisión como un título, para museos xerais de ciencia, arte e outros con fins educativos.

A outra confusión terminolóxica é máis grave. Os museos situados nunha escola ou organizados como complemento dun sistema escolar, co obxectivo de apoiar a instrución escolar directa e inmediata, ás veces denomínanse «museos educativos». O seu contido é, sen dúbida, «obxectos relacionados coa educación»; pero dado que as súas coleccións están concibidas como un complemento do traballo real, sería mellor chamalos «museos escolares». Distínguense claramente do «museo educativo» do que se ocupa este estudo: o museo escolar é en si mesmo didáctico; existe directamente para o alumno; inclúe só materiais didácticos, é dicir, aparellos, dispositivos e materiais de ensino reunidos para o seu uso na instrución real. Do museo escolar distínguese o tipo de museo que se ocupa da educación como institución, profesión ou ciencia, en lugar do ensino en si; non existe para o alumno, senón para o profesor, a persoa interesada na administración escolar, o estudante de educación e o público en xeral. cuxas coleccións ilustran non só axudas e dispositivos educativos (que non deben

usarse no ensino, senón que se estudan e consideran por si mesmos), mais tamén, cando proceda, métodos educativos, os seus resultados, a súa organización e administración, o seu aloxamento e equipamento, a súa historia e calquera outra faceta da educación que se poida expresar adecuadamente en exposicións obxectivas. Trátase, pois, dun museo de educación ou dun museo educativo: unha colección de obxectos dispostos sistematicamente segundo os métodos museísticos, cuxo propósito é promover a educación, xa sexa na formación do profesorado e no desenvolvemento profesional posterior, axudando aos responsables da administración das escolas, axudando á investigación dos estudosos ou educando ao público. O seu servizo resúmese nisto: un museo educativo educa sobre a educación. Este estudo trata dos museos educativos e, máis dunha vez, será necesario referirse á distinción sinalada entre o museo escolar, que contén coleccións para o seu uso real no ensino, e o museo educativo, que representa a educación nos seus aspectos institucionais, profesionais e científicos. [páxinas 1/195-5/199]

Descrición de Museos dos Estados Unidos (selección de textos)

O Museo do Bureau de Educación de Washington

